

ANEXO 2: INCENDIOS FORESTAIS

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. CAUSAS DOS INCENDIOS.....	3
3. RISCO DE INCENDIOS.....	3
4. CONCLUSIÓNS.....	4

1. INTRODUCCIÓN.

Os incendios forestais son os principais axentes de destrución dos montes causando problemas de erosión e de degradación dos ecosistemas. Non produce tantos danos en ribeiras, pero aínda así cómpre realizar un estudo sobre as causas e frecuencia dos mesmos.

2. CAUSAS DOS INCENDIOS

As causas dos incendios forestais divídense en naturais e antrópicas.

O 95% dos incendios son de carácter antrópico, éstos a súa vez poden ser provocados (85%) ou por negligencia (10%). O 5% restante é por causas naturais.

3. RISCO DE INCENDIOS

O Concello de Frades atópase no Distrito forestal III, Santiago Meseta –Interior. Non forma parte das ZAR (zonas de risco de incendios), así que é considerado un Concello con baixo risco de incendios.

A continuación móstranse os datos referentes ó número de incendios do Concello no período 2001-2006. Información proporcionada pola Consellería de Medio Rural.

Táboa 1. Incendios do Concello de Frades 2001-2006

	Número de incendios forestais	Superficie arborada (Ha)	Superficie rasa (Ha)
2001	25	4,01	16,92
2002	14	0,58	2,48
2003	8	1,33	2,48
2004	9	11,49	8,48
2005	11	5,01	6,18
2006	2	2,8	3
total	69	25,22	39,40

Para o cálculo da frecuencia de incendios forestais emprégase a seguinte fórmula:

$$F_i = \frac{1}{N} \times \sum n_i$$

Onde:

N: Número de anos.

n_i: Número de incendios.

$$F_i = 69/6 = 11,5$$

A frecuencia que se obtén é de arredor de 12 incendios ano.

O Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais establece a seguinte clasificación:

Táboa 2. Valoración do risco de incendios:

Frecuencia	Valoración
< 1	Moi baixo
1 - 2.5	Baixo
2.5 – 4.5	Moderado
4.5 – 6.5	Alto
6.5 – 10	Grave
> 10	Extremo

A frecuencia de incendios é considerada como extrema.

4. CONCLUSIÓNS.

Hai que ter en conta neste estudo que non dispoñemos dun rango de datos moi amplo, sendo únicamente de 6 anos. Se dispoñéramos de máis datos, obteríamos unha cifra máis representativa e un valor probablemente máis baixo.

As zonas de ribeira son menos susceptibles a incendios polo seu tipo de vexetación e a humidade do ambiente e do terreo, así como por discorrer preto dun curso de auga.

A propia restauración da zona de ribeira é unha medida de protección contra incendios. Aínda que non sexa un obxectivo nin global nin secundario, as actuacións planificadas na zona terán como consecuencia unha diminución no risco de incendios.

As actuacións son:

- Aclareo de zonas arbóreas.
- Desbroce de camiños e de zonas de matogueiras.
- Repoboacións con especies autóctonas de ribeira.
- Poda e saneado de árbores danadas
- Limpeza de residuos forestais.